- Estratexias básicas para inferir significados en léxico especializado e de nova aparición a partir da identificación de formantes latinos.
- Latinismos e locucións latinas máis frecuentes.
- Técnicas de recoñecemento, organización e incorporación á produción escrita, oral ou multimodal de léxico de raíz común entre as distintas linguas do repertorio lingüístico individual.
- Comparación entre linguas a partir da súa orixe e parentescos.
- Importancia do latín como ferramenta de mellora da expresión escrita, oral e multimodal nas distintas linguas do repertorio lingüístico individual.
- Ferramentas analóxicas e dixitais para a aprendizaxe e reflexión da lingua latina como vínculo e impulso para a aprendizaxe doutras linguas.
- Estruturas oracionais básicas. A concordancia e a orde de palabras en oracións simples e oracións compostas.
- Redacción con corrección ortográfica e expresiva da mensaxe dun texto en lingua latina ás linguas de ensino.
- Estratexias básicas para identificar, analizar e comprender unidades lingüísticas (léxico, morfosintaxe) a partir da comparación das linguas e variedades que conforman o repertorio lingüístico persoal.
- Recursos para a aprendizaxe e estratexias básicas de adquisición de linguas, tales como Portfolio europeo das linguas, glosarios ou dicionarios.
- Reflexión e xustificación da interpretación ofrecida.
- Retroversión de oracións e textos de dificultade axeitada.
- Autoconfianza, autonomía e iniciativa. O erro como parte integrante do proceso de aprendizaxe.
- Léxico de uso común e de interese relativo a identificación persoal, relacións interpersoais, lugares e contornos próximos, lecer e tempo libre, vida cotiá, saúde e actividade física, vivenda e fogar etc.
- Convencións e estratexias conversacionais básicas, para iniciar, manter e rematar a comunicación.
- Perduración do legado material (sitios arqueolóxicos, inscricións, construcións monumentais e artísticas etc.) e inmaterial (mitoloxía clásica, institucións políticas, oratoria, dereito, rituais e celebracións etc.) da cultura e civilización latinas.
- Características do patrimonio cultural romano e do proceso de romanización. A romanización de Gallaecia no contexto da Hispania romana.
- Interese e iniciativa en participar en procesos destinados a conservar, preservar e difundir o patrimonio arqueolóxico da contorna.
- Ferramentas analóxicas e dixitais para a comprensión, produción e coprodución oral, escrita e multimodal.
- Respecto da propiedade intelectual e dereitos de autor sobre as fontes consultadas e os contidos utilizados.
- Estratexias e ferramentas, analóxicas e dixitais, individuais e cooperativas, para a autoavaliación, a coavaliación e a autorreparación.

UD	Título da UD	Duración
13	Pagina domestica	8

Cráterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Analizar e interpretar os aspectos morfolóxicos, sintácticos e léxicos elementais da lingua latina, identificándoos e comparándoos cos das linguas de repertorio do alumnado.	Identificar os aspectos morfolóxicos, sintácticos e léxicos elementais da lingua latina, comparándoos cos das linguas de repertorio do alumnado.	PE	55
CA3.2 - Traducir ou interpretar textos breves e sinxelos con termos adecuados e expresión correcta na lingua de ensino, xustificando a tradución ou a interpretación e manifestando a correspondencia entre o texto latino e a versión realizada.	Traducir ou interpretar textos breves e sinxelos con termos adecuados e expresión correcta na lingua de ensino, xustificando a tradución ou a interpretación realizada.		
CA3.3 - Producir mediante retroversión oracións e textos de dificultade axeitada utilizando as estruturas propias da lingua latina.	Producir en latín oracións e textos utilizando as estruturas propias da lingua latina aprendidas na aula.		
CA4.5 - Expoñer de forma oral, escrita ou multimodal as conclusións obtidas a partir da investigación, individual ou colectiva, do legado material e inmaterial da civilización romana e a súa perduración no presente a través de soportes analóxicos e dixitais, seleccionando información, contrastándoa e organizándoa a partir de criterios de validez, calidade e fiabilidade.	Expoñer as conclusións obtidas a partir da investigación do legado literario da civilización romana, seleccionando información, contrastándoa e organizándoa a partir de criterios dados.		
CA1.2 - Valorar de maneira crítica os modos de vida, costumes e actitudes da sociedade romana en comparación cos das nosas sociedades a partir do contido de fontes latinas en diferentes soportes.	Valorar xustificadamente os modos de vida, costumes e actitudes da sociedade romana máis salientables en comparación cos das sociedades modernas.	TI	45
CA1.5 - Recoñecer o sentido global e as ideas principais e secundarias dun texto, contextualizándoo e identificando as referencias históricas, sociais, políticas ou relixiosas que aparecen nel, e servíndose de coñecementos sobre personaxes e acontecementos históricos xa estudados.	Recoñecer o sentido global e as ideas principais dun texto, contextualizándoo e servíndose de coñecementos sobre personaxes e acontecementos históricos xa estudados.		
CA1.6 - Interpretar de maneira crítica o contido de textos latinos de dificultade adecuada, atendendo ao contexto en que se produciron, conectándoos coa experiencia propia e valorando como contribúen a entender os modos de vida, costumes e actitudes da nosa sociedade.	Interpretar xustificadamente textos latinos de dificultade adecuada, atendendo ao contexto no que se produciron.		
CA2.4 - Producir definicións etimolóxicas de termos cotiáns, científicos e técnicos, recoñecendo os elementos latinos en diferentes contextos lingüísticos e establecendo, se procede, a relación semántica entre un termo patrimonial e un cultismo.	Producir definicións etimolóxicas de termos cotiáns, científicos e técnicos, establecendo, se procede, a relación semántica entre un termo patrimonial e un cultismo.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.4 - Planificar diálogos, redactar e expresar oralmente textos breves e sinxelos comprensibles e adecuados á situación comunicativa sobre asuntos da vida cotiá, co fin de describir, narrar e informar sobre temas concretos e próximos á experiencia persoal, apoiándose, cando sexa necesario, en recursos tales como a repetición, o ritmo pausado ou a linguaxe non verbal, e mostrando empatía e respecto pola cortesía lingüística e as opinións das persoas interlocutoras, incidindo nas estratexias para iniciar, manter e rematar a comunicación verbal.	Planificar diálogos, redactar e expresar oralmente textos breves e sinxelos adecuados a situacións comunicativas da aula.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Achegamento ao papel do humanismo e a súa presenza na sociedade actual. Concepto orixinal de humanismo. - Importancia da civilización latina na configuración, recoñecemento e análise crítica da nosa identidade como sociedade. Análise crítica da sociedade romana: escravitude e exclusión da muller. - Léxico latino: evolución dos conceptos fundamentais da civilización latina ata a actualidade. - Achegamento aos aspectos xeográficos, históricos, culturais, políticos e lingüísticos da civilización latina presentes na noción actual de Europa e da súa cultura. - Estratexias para comprender, comentar e interpretar textos latinos a partir dos coñecementos adquiridos e da experiencia propia. - Identificación de palabras con lexemas, sufixos e prefixos de orixe latina en textos escritos nas linguas de ensino. - Iniciación ao significado etimolóxico das palabras. - Estratexias básicas para inferir significados en léxico especializado e de nova aparición a partir da identificación de formantes latinos. - Redacción con corrección ortográfica e expresiva da mensaxe dun texto en lingua latina ás linguas de ensino. - Estratexias básicas para identificar, analizar e comprender unidades lingüísticas (léxico, morfosintaxe) a partir da comparación das linguas e variedades que conforman o repertorio lingüístico persoal. - Retroversión de oracións e textos de dificultade axeitada. - Autoconfianza, autonomía e iniciativa. O erro como parte integrante do proceso de aprendizaxe. - Léxico de uso común e de interese relativo a identificación persoal, relacións interpersoais, lugares e contornos próximos, lecer e tempo libre, vida cotiá, saúde e actividade física, vivenda e fogar etc. - Convencións e estratexias conversacionais básicas, para iniciar, manter e rematar a comunicación. - Perduración do legado material (sitios arqueolóxicos, inscricións, construcións monumentais e artísticas etc.) e inmaterial (mitoloxía clásica, institucións políticas, oratoria, dereito, rituais e celebracións etc.) da cultura e civilización latinas.

UD	Título da UD	Duración
14	Annus et menses	6

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Analizar e interpretar os aspectos morfolóxicos, sintácticos e léxicos elementais da lingua latina, identificándoos e comparándoos cos das linguas de repertorio do alumnado.	Identificar os aspectos morfolóxicos, sintácticos e léxicos elementais da lingua latina, comparándoos cos das linguas de repertorio do alumnado.	PE	50
CA3.2 - Traducir ou interpretar textos breves e sinxelos con termos adecuados e expresión correcta na lingua de ensino, xustificando a tradución ou a interpretación e manifestando a correspondencia entre o texto latino e a versión realizada.	Traducir ou interpretar textos breves e sinxelos con termos adecuados e expresión correcta na lingua de ensino, xustificando a tradución ou a interpretación realizada.		
CA3.3 - Producir mediante retroversión oracións e textos de dificultade axeitada utilizando as estruturas propias da lingua latina.	Producir en latín oracións e textos utilizando as estruturas propias da lingua latina aprendidas na aula.		
CA1.2 - Valorar de maneira crítica os modos de vida, costumes e actitudes da sociedade romana en comparación cos das nosas sociedades a partir do contido de fontes latinas en diferentes soportes.	Valorar xustificadamente os modos de vida, costumes e actitudes da sociedade romana máis salientables en comparación cos das sociedades modernas.	TI	50
CA1.6 - Interpretar de maneira crítica o contido de textos latinos de dificultade adecuada, atendendo ao contexto en que se produciron, conectándoos coa experiencia propia e valorando como contribúen a entender os modos de vida, costumes e actitudes da nosa sociedade.	Interpretar xustificadamente textos latinos de dificultade adecuada, atendendo ao contexto no que se produciron.		
CA2.3 - Ampliar o caudal léxico e mellorar a expresión oral e escrita, incorporando latinismos e locucións usuais de orixe latina de maneira coherente.	Ampliar dun modo efectivo o caudal léxico e mellorar a expresión oral e escrita, incorporando latinismos e locucións usuais latinas de maneira coherente.		
CA3.4 - Planificar diálogos, redactar e expresar oralmente textos breves e sinxelos comprensibles e adecuados á situación comunicativa sobre asuntos da vida cotiá, co fin de describir, narrar e informar sobre temas concretos e próximos á experiencia persoal, apoiándose, cando sexa necesario, en recursos tales como a repetición, o ritmo pausado ou a linguaxe non verbal, e mostrando empatía e respecto pola cortesía lingüística e as opinións das persoas interlocutoras, incidindo nas estratexias para iniciar, manter e rematar a comunicación verbal.	Planificar diálogos, redactar e expresar oralmente textos breves e sinxelos adecuados a situacións comunicativas da aula.		
CA4.1 - Describir o significado de produtos culturais do presente, no contexto europeo, comparando as similitudes e diferenzas coa Antigüidade latina.	Describir o significado de produtos culturais especialmente salientables do presente, identificando as semellanzas e diferenzas máis importantes coa Antigüidade latina.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Achegamento ao papel do humanismo e a súa presenza na sociedade actual. Concepto orixinal de humanismo. - Importancia da civilización latina na configuración, recoñecemento e análise crítica da nosa identidade como sociedade. Análise crítica da sociedade romana: escravitude e exclusión da muller. - Léxico latino: evolución dos conceptos fundamentais da civilización latina ata a actualidade.

Contidos

- Achegamento aos aspectos xeográficos, históricos, culturais, políticos e lingüísticos da civilización latina presentes na noción actual de Europa e da súa cultura.
- Estratexias e ferramentas para relacionar o pasado e o presente a partir dos coñecementos adquiridos.
- Estratexias para comprender, comentar e interpretar textos latinos a partir dos coñecementos adquiridos e da experiencia propia.
- Identificación de palabras con lexemas, sufixos e prefixos de orixe latina en textos escritos nas linguas de ensino.
- Iniciación ao significado etimolóxico das palabras.
- Estratexias básicas para inferir significados en léxico especializado e de nova aparición a partir da identificación de formantes latinos.
- Latinismos e locucións latinas máis frecuentes.
- Técnicas de recoñecemento, organización e incorporación á produción escrita, oral ou multimodal de léxico de raíz común entre as distintas linguas do repertorio lingüístico individual.
- Comparación entre linguas a partir da súa orixe e parentescos.
- Importancia do latín como ferramenta de mellora da expresión escrita, oral e multimodal nas distintas linguas do repertorio lingüístico individual.
- Redacción con corrección ortográfica e expresiva da mensaxe dun texto en lingua latina ás linguas de ensino.
- Estratexias básicas para identificar, analizar e comprender unidades lingüísticas (léxico, morfosintaxe) a partir da comparación das linguas e variedades que conforman o repertorio lingüístico persoal.
- Recursos para a aprendizaxe e estratexias básicas de adquisición de linguas, tales como Portfolio europeo das linguas, glosarios ou dicionarios.
- Reflexión e xustificación da interpretación ofrecida.
- Retroversión de oracións e textos de dificultade axeitada.
- Autoconfianza, autonomía e iniciativa. O erro como parte integrante do proceso de aprendizaxe.
- Ferramentas analóxicas e dixitais para a comprensión, produción e coprodución oral, escrita e multimodal.
- Estratexias e ferramentas, analóxicas e dixitais, individuais e cooperativas, para a autoavaliación, a coavaliación e a autorreparación.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A metodoloxía será activa e participativa, fomentará a creatividade e potenciará o papel do alumno como motor da súa propia aprendizaxe; tratará permanentemente de buscar a motivación e adaptarse na medida do posible aos diferentes estilos de aprendizaxe que se observen na aula.

O profesor será o guía do traballo e o orientador, proporcionando a información e as indicacións que sexan precisas en cada momento para asegurar unha marcha axeitada das actividades.

Tratarase de inserir cada elemento novo nun contexto anterior e que conduza a un estadio superior, é dicir, que sexa significativo. O profesor fará unha presentación do tema apoiado, sempre que sexa posible, en textos, imaxes, etc., co obxecto de lograr unha máxima motivación e de captar a maior atención posible. Do mesmo xeito, dará orientacións para a busca doutras informacións e sobre os posibles traballos de afondamento. Ofrecerase material de apoio variado e proporanse actividades de diversa dificultade e extensión, adaptadas ás capacidades e intereses dos alumnos, facendo especial fincapé naquelas que esixan do alumno unha utilización constante da linguaxe, tanto oral coma escrita; poñerase especial atención na correcta expresión e reforzarse, no posible, tanto a lectura como a redacción.

A aprendizaxe do léxico básico, seleccionado en base a criterios de frecuencia, é un dos aspectos esenciais do curso. O vocabulario vaise adquirindo gradual e directamente por medio da sucesiva lectura dos textos.

Procurarase alternar o traballo individual co traballo en equipo sobre aspectos concretos. Abordaranse tamén elementos culturais e de actualidade que resalten a interdisciplinariedade da materia.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Material de elaboración propia.
Recursos da rede: -Recursos da páxina web www.culturaclasica.com e do blog e a wiki Lingua Latina per se illustrata w w w . l i n g u a l a t i n a . e s -
Aula virtual.
Películas, documentais e de ficción, sobre distintos aspectos da antigüidade clásica.

Durante este curso non utilizaremos ningún libro de texto, en concreto. Sen embargo, é necesario contar con unha antoloxía de actividades o suficientemente variada para poder atender a diversidade do alumnado; de aí o material elaborado polo profesor, que se atopa a disposición dos alumnos na Aula Virtual.

Para a presentación dos contidos culturais poderemos contar con material audiovisual de distinta natureza.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Latín de 4º de ESO non é continuidade de ningunha outra materia; unha avaliación inicial, sen embargo, debería perseguir os seguintes obxectivos:

1º. Detectar e/ou confirmar a presenza de alumnado con NEAE (esta información será contrastada posteriormente co Departamento de Orientación).

2º. Coñecer cales son as motivacións que levaron ao alumnado a escoller a materia de Latín.

3º. Saber cal é o grao de coñecemento do alumnado sobre a civilización e cultura romana.

4º. Saber cal é o grao de coñecemento do alumnado sobre cuestións lingüísticas básicas.

Para alcanzar estes obxectivos o profesor elaborará un test ou proba que o alumnado debería completar nunha das primeiras sesións; despois da realización desta proba, establecerase un diálogo informal na aula, do que a información máis salientable será recollida por escrito. Os datos e información obtida nesta avaliación inicial deben servir para modificar ou adaptar a programación ás circunstancias concretas do grupo.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	UD 10
Peso UD/ Tipo Ins.	7	10	10	7	10	10	7	6	5	5
Proba escrita	80	70	70	70	65	75	70	65	65	70
Táboa de indicadores	20	30	30	30	35	25	30	35	35	30

Unidade didáctica	UD 11	UD 12	UD 13	UD 14	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	7	7	5	4	100
Proba escrita	50	65	55	50	67
Táboa de indicadores	50	35	45	50	33

Criterios de cualificación:

Instrumentos de avaliación:

Realizarase unha proba obxectiva oral ou escrita cada dúas ou tres Unidades Didácticas.

Estrutura dos exames e probas obxectivas escritas

Realizaremos, polo menos, dúas probas escritas por trimestre para comprobar a consolidación e asimilación satisfactoria dos

contidos. A estrutura da proba deberá contemplar os apartados propios da materia no cuarto curso da ESO, tal e como propoñemos a continuación:

A. PRIMEIRA PARTE: exercicios prácticos de morfoloxía e sintaxe (por exemplo, completando terminacións nominais e verbais) ou de comprensión dun texto proposto mediante sinxelas preguntas en latín. Igualmente, poderase incluír un texto para tradución, (70 % da cualificación).

B. SEGUNDA PARTE: cuestión de etimoloxía, sinonimia, antonimia, preguntas en latín sobre o texto, etc. (10% da cualificación).

C. TERCEIRA PARTE: cuestión de cultura e civilización romana (vida cotiá, arte, mitoloxía, etc.) a través de sinxelas preguntas ou dun breve esquema no que se demostre a asimilación dos contidos estudados na clase, así como a capacidade de expresión escrita. (20% da cualificación).

As cuestións das partes segunda e terceira poderán ser avaliadas mediante táboas de indicadores.

Dado o carácter de avaliación continua inherente á nosa materia por tratarse da aprendizaxe dunha lingua, ímoslle asignar á primeira proba obxectiva de cada trimestre o valor do 20 % da nota final da avaliación correspondente, polo menos no que atinxe ás partes A e B; a última proba escrita do trimestre, suporá o 80% da cualificación obtida mediante este procedemento de avaliación.

• A non presentación a un exame de avaliación ou ás probas escritas e orais que se leven a cabo ao longo do trimestre, so quedará xustificada mediante carta ou comunicación persoal dos pais ou titores legais

Traballos temáticos:

O alumnado, coa guía do profesor, realizará un traballo temático sinxelo por trimestre sobre algún aspecto da produción artística e técnica, a historia, a mitoloxía, as institucións ou a vida cotiá en

Roma. Nel avaliaranse, mediante a súa presentación por escrito ou mediante a súa exposición oral, aspectos tales como a presentación, a ortografía, a expresión e a busca, organización e tratamento da información, a utilización das tecnoloxías da información e a comunicación, a exposición oral ... A exposición oral será avaliada mediante unha rúbrica ad hoc. En caso de ser presentados por escrito, terán que entregarse dentro do prazo que se marque para elo. De non ser así, consideraranse coma non realizados. A cualificación destes traballos sumarase a obtida polos alumnos na considerada terceira parte das indicadas máis arriba.

Criterios de cualificación:

As cualificacións que se reflictan nas avaliacións daranse con números enteiros. Cando a media obtida conteña decimais, contarase ata as centésimas, de tal xeito que redondearemos á baixa as cualificacións con decimais inferiores a 45 centésimas e á alza as restantes. Así, p. ex., unha cualificación de 6,38 redondearase a 6, unha de 6,52 a 7, unha de 6,44 a 6 e unha de 6,45 a 7.

A nota final que cada alumno obteña será a media das cualificacións obtidas en cada avaliación.

Caso de ser negativa esa nota final realizarase unha proba global obrigatoria antes da avaliación final, co fin de ofrecer unha posibilidade de recuperar a materia. Esa proba versará sobre todos os aspectos da materia explicados ata o momento. Se o alumno non acada nesta proba a cualificación mínima de 5 (non se contemplan para esta cualificación final nin o traballo persoal, nin os traballos temáticos) cualificaráselle negativamente coa cualificación final obtida no curso. Caso de superar esa proba (5 ou máis), a cualificación final será a media resultante da cualificación obtida na proba e 5.

A esta proba final poderán presentarse voluntariamente a subir nota alumnos con avaliación positiva. Caso de que a nota obtida

nesta proba fose inferior á media positiva xa acadada, non se terá en consideración a cualificación obtida na proba global; no caso de obter unha cualificación superior, a cualificación final será a media resultante da cualificación positiva xa obtida no curso e a cualificación obtida na proba.

Criterios de recuperación:

A recuperación da materia concíbese, como calquera lingua estranxeira, desde o criterio da avaliación continua, de tal forma que un alumno ou alumna poderá aprobar a materia, se supera dúas avaliacións, das cales unha debe ser necesariamente a terceira. Ademais, a principios do mes de xuño convocarase a proba final de recuperación para alumnos e alumnas que non aprobasen as avaliacións anteriores.

6. Medidas de atención á diversidade

Medidas de atención á diversidade ordinarias.

En función dos trazos definitorios do alumnado e da dinámica de aula, as medidas de atención ordinarias á diversidade, entre outras, poden ser:

- Colocación selectiva do alumnado dentro da aula.
- Agrupación específica do alumnado dentro da aula.
- Asignación diferenciada de tarefas entre o alumnado.

Medidas de atención á diversidade extraordinarias.

En función dos trazos definitorios do alumnado e da dinámica de aula, as medidas de atención extraordinarias á diversidade máis frecuentes poden ser:

- Elaboración dunha adaptación curricular individualizada.
- Reforzo educativo mediante a adaptación de exames, actividades ou tempos en función das necesidades do alumnado.

O alumnado que curse de novo 4.º de ESO, será obxecto dun plan específico personalizado no que, a partir dunha valoración das súas necesidades específicas de apoio educativo, hanse especificar, de ser o caso, unhas medidas concretas de actuación e o seu seguimento.

A atención á diversidade estará en todo caso coordinada co resto do equipo educativo e, en particular, co Departamento de Orientación.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - A comprensión de lectura, a expresión oral e escrita.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - A comunicación audiovisual.			X	X	X	X		

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.3 - A competencia dixital.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - O emprendemento social e empresarial.					X			
ET.5 - O fomento do espírito crítico e científico.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - A educación emocional e en valores.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.7 - A igualdade de xénero.			X	X	X			X
ET.8 - A creatividade.	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12	UD 13	UD 14
ET.1 - A comprensión de lectura, a expresión oral e escrita.	X	X	X	X	X	X
ET.2 - A comunicación audiovisual.		X			X	
ET.3 - A competencia dixital.	X	X	X	X	X	X
ET.4 - O emprendemento social e empresarial.		X		X		
ET.5 - O fomento do espírito crítico e científico.	X	X	X	X	X	X
ET.6 - A educación emocional e en valores.	X	X	X	X	X	X
ET.7 - A igualdade de xénero.	X				X	
ET.8 - A creatividade.	X	X	X	X	X	X

Observacións:

A comprensión de lectura, a expresión oral e escrita. Será obxecto de traballo constante durante todo o curso, tanto na lingua propia do alumnado como en latín.

A comunicación audiovisual. Pódese traballar especialmente nas UD de legado e de lingua latina, mediante a proposta de actividades nas que o produto final sexan materiais audiovisuais.

A competencia dixital. Hase traballar durante todo o curso fomentando o uso de programas e aplicacións ofimáticas para a elaboración de actividades e/ou traballos, con especial atención ao uso e aproveitamento dos recursos da aula virtual do centro.

O emprendemento social e empresarial. Pódese traballar especialmente nas UD, nas que se tocan aspectos sociais e económicos da sociedade romana, pero tamén da actual.

O fomento do espírito crítico e científico. Débese traballar durante todo o curso, procurando a reflexión crítica e razoada do alumnado perante a realidade social, económica, cultural, relixiosa e lingüística do mundo romano.

A educación emocional e en valores. As emocións son trazos inherentes aos seres humanos que deben ser coñecidas e asumidas para podermos comprender os comportamentos e reaccións das/os que nos rodean. Os valores, especialmente o de respecto á diversidade en sentido amplo, deben ser postos de manifesto dun modo práctico e constante na aula.

A igualdade de xénero. Especialmente relevante no tratamento da sociedade do mundo antigo e na súa literatura (UD nas que se debe incidir na grande evolución e cambio que separa a nosa sociedade da romana), este elemento transversal debe informar todo o tratamento da materia, aproveitando calquera oportunidade para facer referencia a el e motivar ao alumnado a evitar calquera comportamento e/ou expresión na que se evidencie unha actitude contraria ou de rexeitamento do mesmo.

A creatividade. Ten cabida en todas as UD propostas, xa que é misión da/o docente incentivar en calquera eido

da materia o desenvolvemento da creatividade e iniciativa do alumnado.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Asistencia a representacións de teatro grecolatino.	Asistir á representación dunha comedia e dunha traxedia clásicas.		X	

Observacións:

Recoñecer os elementos da herdanza grecolatina no mundo actual é un dos obxectivos desta materia, a el deben contribuír as actividades extraescolares que vaian a desenvolverse durante o curso, que poderán ser as seguintes:

Asistencia a unha representación de teatro grecolatino: (Lugo)

Obxectivos:

- Apreciar o mantemento dos temas do teatro grecolatino na civilización occidental e valorar a literatura clásica como fonte da literatura europea.

- Amosar curiosidade pola lectura de textos clásicos, como textos intemporais que son.

A asistencia ás representacións teatrais complementarase coa visita a algún museo.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
O traballo de aula (contidos, metodoloxía, temporalización) correspóndese co previsto na programación.
Metodoloxía empregada
Os resultados de avaliación son os esperados a partir do traballo e actitude mostrada polo alumnado.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Os resultados de avaliación ao final de curso son os esperados en función do traballo e actitude mostrada polo alumnado e reflicten as medidas tomadas durante o curso.

Medidas de atención á diversidade
Detéctanse con celeridade as/os ACNEAE e póñense en marcha as medidas precisas en colaboración co Departamento de Orientación.
Clima de traballo na aula
O grao de satisfacción do alumnado coa materia é alto e responde ao previsto na programación.

Descrición:

Estes cinco indicadores son esenciais neste punto da programación e esixen unhas metodoloxías, instrumentos e temporalizacións distintas para poderen ser medidos.

1. O traballo de aula (contidos, metodoloxía, temporalización) correspóndese co previsto na programación. Para avaliar este indicador de logro a persoa docente debe revisar con regularidade que tanto os contidos, os tempos e o modo en que se está a traballar na aula son os que se corresponden co establecido na programación. En caso de que haxa diverxencias, estas, así como as súas causas deben ser consignadas nas actas de departamento para, ao cabo do curso, facer unha valoración que sirva para modificar a programación do curso seguinte.

2. Os resultados de avaliación son os esperados a partir do traballo e actitude mostrada polo alumnado. A persoa docente, especialmente en grupos que adoitan ter un número de alumnado pequeno, normalmente ten unha previsión dos resultados que terán as persoas discentes en base ás súas observacións diarias na aula. É importante que esta previsión se cumpra, dado que iso evidenciará que a observación e as impresións recibidas durante a avaliación son as correctas. Este acerto na previsión permitirá á persoa docente dar consellos útiles e, no seu caso, tomar as medidas oportunas para que o alumnado mellore o seu rendemento académico, de ser o caso.

3. Os resultados ao final de curso son os esperados en función do traballo e actitude mostrada polo alumnado e reflicten as medidas tomadas durante o curso. Derivación lóxica do indicador de logro anterior, este pretende medir o acerto da observación como, en particular, a efectividade das medidas tomadas durante o curso para mellorar o rendemento académico do alumnado.

4. Detéctanse con celeridade as/os ACNEAE e póñense en marcha as medidas precisas en colaboración co Departamento de Orientación. A avaliación deste indicador de logro pódese facer a principios do mes de novembro, momento no que todo o alumnado con necesidades especiais de apoio educativo debería estar identificado e as medidas a tomar xa planificadas. Ademais da observación directa da persoa docente na aula, é moi importante o correcto aproveitamento e deseño da avaliación inicial e, en especial, a coordinación e contacto habitual co Departamento de Orientación.

5. A satisfacción do alumnado co traballo realizado na aula pola persoa docente é, seica, un dos aspectos menos desenvolvidos na práctica docente en xeral e que, porén, pode, ben administrado, ser unha fonte moi positiva e rendible de información tanto para o enfoque da materia dende un punto de vista académico como dende o punto de vista do labor docente.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Procedemento de seguimento.

Unha vez ao mes, na acta da reunión de departamento, hase facer unha pormenorizada referencia ao seguimento da programación.

Procedemento de avaliación.

Para avaliar a programación a final de curso hanse ter en conta os seguintes parámetros:

- a. Resultados académicos do grupo.
- b. Eficacia das medidas de atención á diversidade adoptadas.
- c. Grao de cumprimento da programación e, no seu caso, causas dos incumprimentos.

A valoración do grao de cumprimento destes indicadores debe dar lugar a unha serie de propostas de modificacións e mellora para o curso vindeiro, que se deben reflectir na memoria de final de departamento e máis na programación do seguinte curso.

9. Outros apartados